

NORMAS DE REALIZACIÓN DAS ABAU E MATERIAL PERMITIDO

QUE PRECISAS LEVAR?

- **DNI ou documento identificativo** (pasaporte, permiso de residencia...).
- **Resguardo de matrícula e xustificante de pago.**
- **Bolígrafo** ou pluma de **tinta indeleble azul ou negra.**
- **Material para a materia de Debuxo Técnico II, dicionario latín/español/galego** (só para uso de apéndices gramaticais), **dicionario grego/español/galego** e **calculadora non programable** e sen capacidade gráfica.

ERROS NA MATRÍCULA DA ABAU

- O alumno/a que detecte algún erro na súa matrícula da ABAU, deberá **comunicalo ó presidente/a da** correspondente **comisión delegada** na hora de presentación: de **09:00 horas a 10:00 horas do día 7 de xullo**, mediante **solicitud** no formulario oficial posto a disposición do alumnado na sede da comisión delegada. **Non se permitirán cambios pasado o prazo** indicado anteriormente.
- O alumnado que se examine dunha opción distinta á que figure na súa matrícula ou na solicitud de cambio de matrícula, anularáselle o exame da materia ou materias que non figuren na súa matrícula ou solicitud de cambio da mesma.

QUE DEBES FACER NOS EXAMES?

- Pega unha das **pegatinas** facilitadas co **código de barras**. Estas etiquetas son persoais e intrasferibles.
- **Non** podes **asinar** os exames, **nin** facer marcas como **subliñados**, tampouco empregar **fluorescentes...**Os exames son **anónimos**.
- Ten **coidado das etiquetas** de non dobralas, deterioralas ou perdelas.
- Debes ter os **pavillóns auditivos despexados**, para verificar que non estás a usar dispositivos auditivos non permitidos.

CADERNO DE EXAMES

- En cada unha das probas recibirás un **caderno** formado por dúas follas A3 (unha páxina de **portada e 7 páxinas** A4 en branco) e unha cabeceira adhesiva. Non se poden arrancar nin engadir páxinas ó caderno.
- Para redactar as **respostas** utilizarás as **7 páxinas en branco**.
- Cada exame presenta **varias preguntas**, podendo **elixir** calquera delas.
- **Indicarásече** o nº de preguntas que debes contestar.
- Se respondes a **máis preguntas das indicadas**, só se corruxirán as que aparecen contestadas en 1º lugar.
- O exame debe **entregarse sempre**, aínda que estea en branco.
- **Non** podes **abandonar** o lugar do exame ata que pase **media hora**.